



## CONCELLO DE COLES

Tel. 988 205 134 - Fax 988 205 107  
32152 VILARCHAO - COLES

CONCELLO DE COLES REXISTRO XERAL	
12 NOV. 2015	
N.º ENTRADA	N.º SAIDA 880

Remítense os documentos que logo se expresan en cumprimento do ordenado e de acordo coas disposicións vixentes.

- CERTIFICADO PLENARIO DO 6 DE NOVEMBRO DE 2015, DE ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO DA DEPUTACIÓN, EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA.

Coles, 12 de novembro de 2015  
O ALCALDE,



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE REXISTRO XERAL	
18 NOV. 2015	
N.º ENTRADA 33573	N.º SAIDA

- DEPUTACIÓN PROVINCIAL OURENSE.-



XOSÉ ANTÓN JARDON DACAL; secretario-interventor do concello de Coles;

**C E R T I F I C O:** Que o pleno, na sesión celebrada o seis de novembro de dous mil quince, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

***07.- Adhesión ao convenio marco da Deputación, en materia de transparencia e acceso á información pública.***

---

A 1ª Tenente de Alcalde explícalle aos asistentes a necesidade de aplicar no concello de Coles as disposicións legais en materia de transparencia, nomeadamente o disposto nos artigos 6, 7 e 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. De paso, tamén manifesta que os medios persoais e técnicos do concello de Coles son escasos para pór en marcha o preceptuado na citada lei.

A tal fin, dálle conta ao pleno dos pormenores do "convenio marco de cooperación da Deputación coas entidades locais, en materia de transparencia e acceso á información pública", aprobado polo pleno da institución provincial, na sesión plenaria do 25/09/2015, a fin de facilitarlle ás entidades adherentes a colaboración e cooperación neste eido.

Sometida a proposta a votación, por unanimidade, **acórdase:**

*1º.- Aprobar a adhesión do concello de Coles ao convenio marco de cooperación da deputación de Ourense coas entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública.*

*2º.- Transferirle á Deputación provincial de Ourense, en réxime de encomenda de xestión, o exercicio das actuacións materiais de publicación no Portal da Transparencia de Ourense da información prevista nos artigos 6, 7 e 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, nos termos previstos no dito convenio.*

*3º.- Designar como persoa responsable da execución do convenio á primeira tenente de Alcalde, dona Susana Rodríguez Rodríguez. Non obstante o anterior, facúltase expresamente ao alcalde-presidente para a súa substitución, así como para o nomeamento de suplentes, dando conta a pleno.*

Expido a presente coa salvedade do disposto no artigo 206 do R.D.2568/1986, do 28 de novembro, polo que se apoba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais.

Coles, 9 de novembro de 2015.

